

Nota sobre as cifras de poboación que publica o IGE

O IGE publica desde febreiro de 2024 as cifras de poboación a nivel municipal seguintes:

- No caso da data de referencia **1 de xaneiro**:
 - as procedentes do *Censo de poboación* que elabora o INE anualmente, que se utilizan como referencia nas operacións estatísticas, desagregadas segundo sexo, idade, nacionalidade, lugar de nacemento, etc.
 - as *Cifras oficiais de poboación*, resultantes da revisión do Padrón municipal de habitantes e publicadas no BOE no mes de decembro de cada ano, sen desagregación (só totais municipais por sexo).

- No caso da data de referencia **1 de xullo**:
 - as procedentes da estatística do IGE *Cifras poboacionais de referencia*, que desagrega para os concellos e comarcas galegas a estimación provincial da cifra estatística de poboación que proporciona o INE na *Estadística continua de poboación*. Esta desagregación é consistente coa cifra estatística de poboación usada a nivel español e europeo e cos censos anuais referidos ao 1 de xaneiro.

Desde o ano 2023 o INE non elabora a estatística do *Padrón continuo*, polo que a poboación máis recente que se pode obter dela é a correspondente ao 1 de xaneiro de 2022.